

Informe sobre a Enquisa Trimestral de Custo Laboral


Datos correspondentes ao segundo trimestre de 2026

Data de publicación: 17/09/2026

Principais resultados

- No segundo trimestre do 2026, o custo laboral das empresas incrementouse un 2,8% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadando os 2.963,05 euros por traballador e mes en Galicia.
- O custo salarial situouse en Galicia en 2.174,28 euros por traballador e mes, un 2,9 % máis que no mesmo trimestre do 2025.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 4,3%.
- A xornada semanal media pactada é de 34,8 horas semanais.

Custo laboral por traballador e mes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1 Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas, que é o custo no que incorre o empregador pola utilización do factor traballo, subiu un 2,8% en Galicia no segundo trimestre do 2026 en termos interanuais, situándose nos 2.963,05 euros por traballador e mes. En España acadou os 3.388,15 euros, un 4% máis que no mesmo trimestre do ano anterior.


Custo laboral. Segundo trimestre de 2026

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	2.963,05	2,8
Custo salarial total	2.174,28	2,9
Outros custos	788,77	2,7
Percepcións non salariais	70,29	0,5
Cotizacións obrigatorias	735,40	2,9
Subvencións e bonificacións	16,91	3,8

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

Contribución á taxa de variación interanual do custo total



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 2.174,28 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 2,9%. En España, o custo salarial crece un 4%.
- Os **outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 788,77 euros en Galicia, co que aumentan un 2,7%; en España crecen un 4,2%, ata os 875,47 euros.

2 Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta nos tres grandes sectores.

Na industria o custo total aumenta un 2,8%, sendo a taxa interanual do custo salarial total e dos outros custos tamén do 2,8%.


Industria. Segundo trimestre de 2026

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	3.557,12	2,8
Custo salarial total	2.603,45	2,8
Outros custos	953,67	2,8
Percepcións non salariais	65,13	-8,3
Cotizacións obrigatorias	900,87	3,9
Subvencións e bonificacións	12,32	26,2

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

Contribución á taxa de variación interanual do custo total



O custo total na construción medra un 4,6%, variando o custo salarial total un 4,7% e os outros custos un 4,3%.


Construción. Segundo trimestre de 2026

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	3.336,29	4,6
Custo salarial total	2.310,59	4,7
Outros custos	1.025,70	4,3
Percepcións non salariais	157,06	1,3
Cotizacións obrigatorias	884,69	5,2
Subvencións e bonificacións	16,04	28,9

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

Contribución á taxa de variación interanual do custo total



Nos servizos o custo total incrementábase un 2,8%, sendo a variación interanual do custo salarial total do 2,9% e a dos outros custos do 2,6%.


Servizos. Segundo trimestre de 2026

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	2.799,32	2,8
Custo salarial total	2.068,13	2,9
Outros custos	731,19	2,6
Percepcións non salariais	63,52	2,5
Cotizacións obrigatorias	685,67	2,6
Subvencións e bonificacións	18,00	-0,7

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

Contribución á taxa de variación interanual do custo total



3 Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2026, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,8 horas semanais, e destas, pérdense 5,7 horas. En España, a xornada semanal pactada é de 34,8 horas, das que se perden 5,2 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,2 horas semanais en Galicia e de 29,7 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 4,3% e en España un 4,8%.

Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2026

Compoñentes do custo	Euros		Taxa interanual	
	España	Galicia	España	Galicia
Custo laboral total	26,18	23,29	4,8	4,3
Custo salarial total	19,42	17,09	4,7	4,4
Outros custos	6,76	6,20	4,8	4,2


Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

4 Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Custo laboral por traballador e mes. Taxas de variación interanual (%)




Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

5 Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid, que supera en 657,22 euros á media nacional, mentres que en Estremadura o custo laboral é inferior á media nacional en 637,88 euros.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos prodúcense en Asturias (6,3%) e Cataluña (5,1%). Os menores crecementos rexístranse en Estremadura (2,3%) e Navarra (2,3%).

Custo laboral total. Taxa de variación interanual (%). Segundo trimestre de 2026



Fonte: INE.

6 Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Estúdanse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

7 Anexo cadros

Cadro 1: Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2026

Galicia

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	2.963,05	2,8	3.557,12	2,8	3.336,29	4,6	2.799,32	2,8
Custo salarial total	2.174,28	2,9	2.603,45	2,8	2.310,59	4,7	2.068,13	2,9
Custo salarial ordinario	1.907,30	2,6	2.216,48	2,9	2.020,61	6,5	1.829,45	2,3
Outros custos	788,77	2,7	953,67	2,8	1.025,70	4,3	731,19	2,6
Percepcións non salariais	70,29	0,5	65,13	-8,3	157,06	1,3	63,52	2,5
Cotizacións obrigatorias	735,40	2,9	900,87	3,9	884,69	5,2	685,67	2,6
Subvencións e bonificacións	16,91	3,8	12,32	26,2	16,04	28,9	18,00	-0,7

España

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	3.388,15	4,0	3.904,38	2,3	3.447,94	5,0	3.299,31	4,4
Custo salarial total	2.512,68	4,0	2.867,95	2,7	2.433,29	4,8	2.460,79	4,2
Custo salarial ordinario	2.114,64	3,6	2.381,35	3,3	2.041,80	4,2	2.076,70	3,6
Outros custos	875,47	4,2	1.036,43	1,1	1.014,65	5,4	838,52	4,8
Percepcións non salariais	82,87	5,2	85,49	-22,1	117,75	6,2	79,76	11,9
Cotizacións obrigatorias	807,69	4,2	963,77	3,9	909,99	5,5	774,37	4,2
Subvencións e bonificacións	15,09	7,5	12,83	4,1	13,09	22,6	15,61	7,1

Fonte: INE.

Cadro 2: Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2026

Galicia

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	23,29	4,3	26,08	5,8	23,67	8,1	22,58	3,8
Custo salarial total	17,09	4,4	19,08	5,8	16,39	8,3	16,68	3,8
Custo salarial ordinario	14,99	4,2	16,25	5,8	14,33	10,1	14,76	3,3
Outros custos	6,20	4,2	7,00	5,7	7,28	7,9	5,90	3,7

España

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	26,18	4,8	27,95	2,7	23,92	5,8	26,06	5,1
Custo salarial total	19,42	4,7	20,53	3,2	16,88	5,6	19,44	5,0
Custo salarial ordinario	16,34	4,3	17,05	3,8	14,16	5,0	16,40	4,4
Outros custos	6,76	4,8	7,42	1,5	7,04	6,3	6,62	5,4

Fonte: INE.

Cadro 3: Horas semanais por traballador e mes. Segundo trimestre de 2026

Galicia

Tipo de xornada	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Ambas xornadas	29,2	5,7	31,4	7,1	32,4	6,1	28,5	5,4
Xornada a tempo completo	32,3	6,5	32,3	7,4	33,2	6,3	32,2	6,2
Xornada a tempo parcial	17,4	3,0	21,0	4,4	22,3	3,0	17,0	2,9

España

Tipo de xornada	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Ambas xornadas	29,7	5,2	32,1	6,2	33,1	5,2	29,1	5,1
Xornada a tempo completo	32,9	5,9	33,1	6,4	34,0	5,4	32,8	5,8
Xornada a tempo parcial	18,9	2,9	19,9	2,9	21,0	2,5	18,9	2,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE.

Nota: a efectos do cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4: Custo laboral total por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2026

Espazo	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual
España	3.388,15	131,7	4,0	26,18	119,8	4,8
Andalucía	3.018,55	131,2	3,8	23,42	120,5	4,9
Aragón	3.240,11	131,6	2,9	25,10	119,8	2,9
Asturias, Principado de	3.330,80	125,5	6,3	26,65	117,7	6,3
Baleares, Illas	3.299,20	146,8	4,5	24,19	119,1	6,1
Canarias	2.786,00	139,2	4,5	21,37	115,6	5,5
Cantabria	3.110,37	125,1	3,4	24,01	116,2	0,9
Castela e León	3.015,25	127,8	2,8	23,73	118,5	2,8
Castela-A Mancha	3.002,68	128,9	3,6	23,30	120,9	5,2
Cataluña	3.719,56	137,2	5,1	28,68	122,3	5,4
Comunidade Valenciana	3.020,36	131,8	3,5	23,58	121,0	5,2
Estremadura	2.750,27	130,9	2,3	22,11	125,3	4,8
Galicia	2.963,05	125,4	2,8	23,29	118,9	4,3
Madrid, Comunidade de	4.045,37	131,7	4,6	30,30	120,7	5,4
Murcia, Rexión de	2.900,37	124,1	3,1	22,91	117,9	3,7
Navarra, Comunidade	3.610,65	125,8	2,3	28,92	118,6	3,6
Foral de						
País Vasco	3.742,91	122,4	4,5	30,41	111,3	3,2
Rioxa, A	3.181,02	136,4	2,8	25,23	127,7	2,8

Fonte: INE.

Cadro 5: Custo salarial por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2026

Espazo	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual
España	2.512,68	132,0	4,0	19,42	120,2	4,7
Andalucía	2.227,09	131,6	3,7	17,28	120,9	4,8
Aragón	2.393,20	132,1	3,0	18,54	120,2	3,0
Asturias, Principado de	2.476,42	125,6	6,0	19,81	117,7	5,8
Baleares, Illas	2.428,22	147,0	4,7	17,80	119,3	6,2
Canarias	2.016,13	139,7	4,1	15,46	116,1	5,0
Cantabria	2.283,42	125,0	8,8	17,63	116,1	6,1
Castela e León	2.223,06	127,8	3,0	17,49	118,3	2,9
Castela-A Mancha	2.204,56	129,7	3,2	17,11	121,7	4,9
Cataluña	2.770,19	138,1	5,1	21,36	123,2	5,3
Comunidade Valenciana	2.215,43	131,7	3,1	17,30	120,9	4,8
Estremadura	2.021,62	131,4	2,4	16,25	125,7	5,0
Galicia	2.174,28	125,0	2,9	17,09	118,5	4,4
Madrid, Comunidade de	3.060,53	132,1	4,3	22,92	121,0	5,1
Murcia, Rexión de	2.127,37	123,6	3,1	16,80	117,4	3,6
Navarra, Comunidade	2.665,38	125,8	2,2	21,35	118,6	3,5
Foral de						
País Vasco	2.718,07	121,0	5,0	22,09	110,1	3,8
Rioxa, A	2.377,01	138,4	2,4	18,85	129,6	2,4

Fonte: INE.

Cadro 6: Outros custos por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2026

Espazo	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual
España	875,47	130,8	4,2	6,76	118,8	4,8
Andalucía	791,46	130,0	4,1	6,14	119,5	5,1
Aragón	846,91	130,3	2,7	6,56	118,8	2,7
Asturias, Principado de	854,38	125,1	7,5	6,84	117,7	7,5
Baleares, Illas	870,98	146,4	4,1	6,39	118,6	5,8
Canarias	769,87	137,9	5,5	5,91	114,5	6,7
Cantabria	826,95	125,2	-9,1	6,38	116,4	-11,3
Castela e León	792,19	128,1	2,4	6,24	118,9	2,5
Castela-A Mancha	798,12	126,7	4,4	6,19	118,8	6,0
Cataluña	949,37	134,5	5,2	7,32	119,8	5,5
Comunidade Valenciana	804,93	132,2	4,6	6,28	121,2	6,3
Estremadura	728,65	129,7	1,9	5,86	124,2	4,5
Galicia	788,77	126,6	2,7	6,20	120,2	4,2
Madrid, Comunidade de	984,84	130,4	5,5	7,38	119,6	6,3
Murcia, Rexión de	773,00	125,4	3,3	6,11	119,3	3,9
Navarra, Comunidade Foral de	945,27	125,9	2,7	7,57	118,7	4,0
País Vasco	1.024,84	126,4	3,1	8,32	114,8	1,7
Rioxa, A	804,01	130,9	3,8	6,38	122,7	3,9

Fonte: INE.